

Follas do Cineclube | 19/02/2020

Bravo!

03

(Aferim!, Radu Jude,
Rumania / Bulgaria / República Checa
/ Francia, 2015, 108', VOSG)

HISTORIA, MEMORIA CULTURAL E INTER-MEDIALIDADE EN AFERIM! DE RADU JUDE Judith Pieldner

[Tirado de "History, Cultural Memory and Intermediality in Radu Jude's Aferim". *Acta Univ. Sapientiae, Film And Media Studies*, 13 (2016) 89-105]

Aferim! (2015) de Radu Jude foi proxectada na edición número 65 do Festival Internacional de Filmes de Berlín, onde Radu Jude gañou o Oso de Prata, e co maior número de espectadores domésticos en 2015 tamén captou a atención do público internacional pola resposta única que achega á tradición – e o reto – da representación do pasado histórico romanés. O seu carácter non é comparábel nin sequera dentro do Novo Cinema Romanés, o que se pode entender tendo en conta que non se centra nas tensións da condición post-comunista ou nos seus antecedentes no recente pasado comunista ao exemplo de moitas representacións micro-realistas; senón que, pola contra, retrocede na historia até un pasado moito máis temperán, á primeira metade do século XIX. Este ademán cinematográfico cara o pasado histórico conecta e ao mesmo tempo interrompese de xeito múltiple con varias das representacións tradicionais. O que *Aferim!* é, posibelmente se pode entender mellor en termos de o que non é: en primeiro lugar e máis importante, dende o propósito dun filme patrimonial.

Aferim!, recibida como "algo novo no cinema romanés" (Lazăr e Gorzo 2014) aborda o tema da escravitude dos ciganos durante o Antigo Réxime romanés, logo da ocupación Otomana e antes da liberación dos escravos. Situada a comezos do século XIX en Valaquia, o argumento debe entenderse como un elemento flexíbel entre a narrativa típica dos *westerns* e *road movies*: un alguacil, Constandin (interpretado por Teodor Corban), é contratado por un boiardo¹, Iordache (Alexandru Dabija), para buscar un escravo cigano, Carfin (Toma Cuzin), quen foxe logo de ter unha aventura coa súa muller.

Durante a busca, Constandin e o seu fillo Ioniță (Mihai Comănoiu) atópanse cunha gran variedade de membros da sociedade romanés do século XIX, aportando así un punto de vista mediante o cal se pode representar esta sociedade. Isto non é, de todos xeitos, un punto de vista externo típico da tradición picaresca: Constandin fai fincapé a modo de leccións para seu fillo nunha serie de citas literarias de autores do século XIX que se fan eco

dos mecanismos sociais do seu tempo, confirmando e aceptando os abusos como o natural no curso normal da vida, a maneira en que o mundo é, nunha orde persistente e inalterable.

A pesar do seu interese histórico, *Aferim!* iníciase cun diálogo arquitectural² coa tradición histórica de filmes romanés iniciada en 1912 co filme non sonoro *A Independencia de Romanía* [Independența României], subtítulo *A Guerra Romanesa-Ruso-Turca de 1877* dirixido por Aristide Demetriade, e continuado por unha longa serie de filmes históricos incluíndo os filmes de Sergiu Nicolaescu creados durante o período comunista. Durante as décadas comunistas, o xénero histórico formou parte dunha apropiación ideolóxica, modelando a Historia segundo esta servise para propósitos propagandísticos, mostrando unha imaxe da Historia que proporcionaba modelos heroicos co propósito de reforzar a concepción nacional da identidade romanés. Sergiu Nicolaescu foi un dos máis populares directores de cinema na creación de dramas históricos evocando o nacemento da nación romanés, eventos gloriosos, batallas épicas e sacrificios colectivos. Practicamente todas as personalidades históricas se alían nos seus dramas históricos en dimensións épicas como encarnacións do espírito nacional. Os filmes históricos durante a etapa comunista mesturaban normalmente historia e melodrama, reforzando a imaxe mítica da Historia e xogando un papel central na construción dunha ideoloxía dominante como forma de inspirar os sentimentos patrióticos e a nostalgia. A preocupación do Novo Cinema Romanés co pasado – o pasado recente, na maior parte das veces – ten a súa orixe no impulso de entender os mecanismos sociais e interpersonais, profundamente arraigados no pasado comunista e na condición actual post comunista.

Mediante unha serie de solucións intermedias, *Aferim!* é considerada unha colaxe de vida e artificio, representando a "realidade" histórica nunha serie de estereotipos audiovisuais, xenéricos e culturais, mitigando a imaxe histórica da convención mítica ou da representación realista. A colaxe como forma de estrutura principal e potencia figurativa interrompe o veo de ilusión da realidade histórica, sinalando a artificiosidade da historia como un constructo. En contraste coa construción homoxénea da representación tradicional nos filmes históricos, a construción de *Aferim!* trae ao primeiro plano unha imaxe fragmentada do pasado histórico, esnaquizada polas diversas representacións dos medios. A pesar da súa reflexividade sofisticada e a súa crítica oculta, a colaxe agradoce e irónica de Radu Jude, desfetichiza a iconografía histórica tradicional e desacredita o imaxinario mítico nacional, revelando a traumática historia dunha etnia mestiza e abrindo a perspectiva histórica a modo de achega para a reflexión no presente.

² A relación que existe entre un texto e todas as categorías xerais ás que pertence, por exemplo: tipo de discurso, xénero literario... Estas categorías son discutíbeis e poden vir adiantadas por algún elemento paratextual como expresións do tipo de ensaios, poemas, etc.

¹ Señor feudal propia do Antigo Réxime en Rusia e Transilvania.

AFERIM!

RADU JUDE

RADU JUDE SOBRE AFERIM! Konstanty Kuzma

[Tirado de "Radu Jude on Aferim!". *East European Film Bulletin*, dispoñíbel en <https://eefb.org/interviews/radu-jude-on-afetim/>]

Que inspirou o teu derradeiro filme?

Moitas cousas, pero sobre todo preguntábame de que xeito o pasado e o presente están relacionados, como os problemas do pasado chegan a nós dun xeito alterado pero relevante, e relevante tamén en como afecta aos nosos problemas hoxe. Esa era a idea principal. Logo, buscando descubrín un interese polos aspectos do pasado de Romanía que non están ben documentados, non están suficientemente falados.

O teu filme ten un sentir de western...

Sempre é problemático presentar filmes históricos cunha verdade universal e absoluta. Por iso quería lembrarlle ao espectador que o que está a ver é unha realidade subxectiva e cinematográfica, non a realidade como tal. É por iso que tamén elixín gravar en branco e negro, fai que o filme sexa percibido como máis abstracto e distante. As nosas referencias baséanse nos filmes dos anos 40 ao estilo de John Ford e Howard Hughes. Cando agora ves un filme realizado neste estilo, inmediatamente sabes que é artificial.

Durante a sesión de prensa da Berlinale, dixeches que tamén querías entender a Romanía contemporánea a través dunha viaxe ao pasado. Non cres que ao dar unha vista de ollos á Alemaña ou Francia do século XIX revelaríase unha situación moi similar en termos de nacionalismo e racismo?

Por suposto, non penso que Romanía sexa unha excepción. Como un lobo malvado entre un rabaño de ovellas.

Qué podemos aprender sobre a especificidade de Romanía, logo?

Pero a idea do filme non é aprender datos específicos sobre Romanía. Non é un filme turístico. Penso, agardo que podería ser relevante para todo o mundo porque trata de problemas universais, incluso se estes aparecen dende o punto de vista romanés. Creo que é un filme sobre a mentalidade e sobre a historia das mentalidades, sobre como as ideas son recibidas e difundidas dunha persoa a outra. Como as realidades sociais son creadas ou polo menos reforzadas mediante a mentalidade. O que é relevante aínda a día de hoxe.

Cómo foi o proceso de redacción do guión? Cómo integraches documentos históricos?

Bueno, atopamos algúns documentos e baseamos a nosa historia neles, especialmente en documentos legais, queixas, por exemplo. E logo para os diálogos e as situacións atopei a inspiración en manuais de historia do século XIX e en literatura do mesmo período. Así que collín un pouco de aquí e un pouco de alá. Un poema dun autor e outro doutro. Como un patchwork de referencias.

Canto levou o proceso de escribir o guión?

Florin [Lazarescu, co-escritor] e eu estivemos case dous anos.

Había razóns estéticas para rachar co estilo austero dos teus anteriores proxectos? Moitos directores de cinema romaneses parecen distanciarse do estilo da Nova Onda.

Non, quería facer algo que me gustase e me resultase divertido. Por suposto non son o tipo de persoa que ten moitas ideas sobre o mesmo tópico e realiza varios filmes sobre o tema, como Ozu ou Rohmer, por exemplo. Preguntáronme isto en moitas ocasións. Pero eu non fun contra nada. Simplemente tiveron a idea e quería facer este filme.

Iso é o que os directores de cinema da Nova Onda din, mais todos pareceades ter algo en común.

Claro, todos estamos influenciados por todos, xa que vives no mesmo espazo cultural e no mesmo país. Non somos completamente independentes os uns dos outros.

Cres que o teu filme é *mainstream*?

Non, non o creo.

Tes algún novo proxecto?

Estou traballando nun proxecto que agardo gravar este outono. Chámase *Scarred Hearts*, e é unha adaptación dunha novela de Max Blecher, un escritor romanés xudeu da primeira metade do século XX. Blecher tiña tuberculose espiñal, e a historia trata sobre dúas persoas que son tratadas desta doenza. É unha historia de amor nun hospital que versa sobre a enfermidade e a recuperación.

Grazas pola entrevista.

CINECLUBE DE COMPOSTELA



ASOCIACIÓN

O Cineclub tenta ser unha asociación autoxestionada. Para iso, propoñemos unha aportación económica persoal de 5€/mes (3€ para estudantes e parados/as) cineclubedecompostela.wordpress.com facebook.com/cineclubedecompostela @cineclubedecompostela@gmail.com

PROXECCIONS

Todos os mércores ás 21:30 na Gentalha do Pichel (Santa Clara, 21. Santiago de Compostela) Entrada de balde | Bono-axuda: 1€

MÉRCORES 5

Os xitanos da gran cidade
(Gross Stadt Zigeuner, László Moholy Nagy, Alemaña, 1932, 11', VO)

Ser xitano

(Att vara zigenare, Peter Nestler, Suecia, 1970, 47', VOSG)

MÉRCORES 12

Os Tarantos

(Los Tarantos, Francisco Rovira Beleta, Estado Español, 1963, 83', VO)

MÉRCORES 19

Bravo!

(Aferim!, Radu Jude, Rumania / Bulgaria / República Checa / Francia, 2015, 108', VOSG)

MÉRCORES 26

Boa viaxe

(Latcho Drom, Tony Gatlif, Francia, 1993, 103', VOSG)